



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Primeiro leite que dá a femia dos mamíferos despois de parir:

- A) Zume.
- B) Calostro.
- C) Calastra.
- D) Costro.

2. Unha das seguintes doenzas NON figura correctamente escrita. Indíquea:

- A) Hepatite.
- B) Tromboflebitis.
- C) Síncope.
- D) Retinite.

3. Sinale a frase correcta:

- A) Manqueime na base do cráneo.
- B) Confirmáronlle un trombo na vena ilíaca.
- C) Podes achegarme un cultivo do teu sangue?
- D) No diagnóstico figura unha lesión de calcaño.

4. Lesión producida ao estirar violentamente unha articulación:

- A) Escordadura.
- B) Esguince.
- C) Tendinitis.
- D) Parálise.

5. Sinónimo de embarazo:

- A) Intubación.
- B) Gravidez.
- C) Cesantía.
- D) Perlesía.

6. Cada un dos órganos duros e sólidos que constitúen o esqueleto do home e dos animais vertebrados:

- A) Oso.
- B) Hoso.
- C) Óso.
- D) Hueso.

7. Sinale a frase correcta:

- A) Antón está san coma un buxo.
- B) Esta froita está sana.
- C) Nesta beira o aire é saludable.
- D) Estame arrepiando este dor de mans.

8. Sinónimo de esterno:

- A) Esternón.
- B) Óso do peito.
- C) Externo.
- D) Oso do peito.

9. Sinale a frase correcta:

- A) A inflamación non tivo redución.
- B) Produciuse un atranco na alcantarilla.
- C) Onte publicáronse as listaxes desglosadas.
- D) A análise de ouriños non foi concluínte.

10. Sinale a frase incorrecta:

- A) Na historia clínica figuraba a brucelose.
- B) A magnetoterapia non é axeitada na puberdade.
- C) A doenza foi causada por un xermen.
- D) Xa se atopa no segundo mes de xestación.

Preguntas de reserva

1. Indique a expresión correctamente escrita:

- A) Cangrena.
- B) Sofrimento fetal.
- C) Glicosa.
- D) Osteosclerosis.

2. Estudo dunha substancia ou tecido do organismo para establecer un diagnóstico:

- A) Análisis.
- B) Analise.
- C) Síntese.
- D) Análise.